

# Plan Estratéxico de Fomento de Emprego no CERCO.

Medida 202182S3M11 do PPeC  
2021 de ACERGA

# Rede emprego ACERGA



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Europeo Marítimo  
y de la Pesca



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA  
DO MAR

# INTRODUCCIÓN



A **Asociación de Armadores de Cerco de Galicia – ACERGA** – crea en 2021 esta Rede de Emprego de alto nivel para a creación dun ecosistema de emprego marítimo-pesqueiro que permita dar resposta á falta de relevo xeracional detectada no sector.

**OBXECTIVO 1º**\_ Tecer unha rede de contactos con entidades vencelladas á formación e á orientación laboral, que poidan estar interesadas no sector pesqueiro do cerco como opción laboral de futuro.

**OBXECTIVO 2º**\_ Xerar coñecemento conxunto dentro da rede coa finalidade de consensuar un Plan Estratéxico de Fomento de Emprego no sector pesqueiro do cerco para atraer a futuros traballadores/as.

## Accións para o tecido da rede e a consecución de obxectivos.

- 1\_ Contacto con entidades de interese para a rede.
- 2\_ Presentación da iniciativa ás entidades e establecemento de colaboración.
- 3\_ Realización de entrevistas a cada entidade, e establecemento de conclusións.
- 4\_ Realización dun encontro coas entidades colaboradoras.
- 5\_ Elaboración do Plan Estratéxico



# ENTIDADES COLABORADORAS

## CONCELLOS



Concello de Vigo



Concello de  
Camarinas  
A CORUÑA




Concello de A Coruña



Concello  
de Ribeira

## ESCOLAS NÁUTICO-PESQUEIRAS



Escola Oficial  
Náutico-Pesqueira  
de Ribeira



Centro Nacional de  
Formación de Bamio



Tras a análise sobre a **tipoloxía de entidades** de interese que se contactarían para participar na rede, selecciónanse as seguintes:

- Entidades de formación/capacitación: **escolas náutico-pesqueiras** de Galicia.
- Entidades de atención a desempregados das localidades pesqueiras onde o cerco ten porto base: **servizos emprego/orientación dos concellos**.

Contactouse con cada unha destas entidades e estableceuse **un compromiso de colaboración** coas que figuran na imaxe.

# CONCLUSIÓNS DAS ENTREVISTAS

Elaboráronse entrevistas adaptadas a cada tipoloxía de entidade: **servizos de emprego/orientación dos concellos e escolas náutico-pesqueiras**. A continuación, mantivéronse reunións con representantes de cada unha das entidades colaboradoras, para a realización da entrevista.

Por último, establecéronse as **conclusións** derivadas deste traballo, para obter o punto de partida do Plan Estratégico de Fomento de Emprego.

## - CONCELLOS -

Existen grandes diferenzas entre concellos de máis poboación (A Coruña e Vigo) e os das localidades máis pequenas (Malpica, Ribeira, Sada, Camariñas e Bueu).

**Vigo e A Coruña**\_ non soen recibir colectivos demandantes de emprego no sector da pesca, nin coñecen o sector en profundidade. Derivan ás persoas que se interesan á escola náutico-pesqueira máis próxima.

**Concellos pequenos**\_ tratan con colectivos da pesca, e son coñecedores do traballo e requisitos de acceso, por ser a pesca unha das actividades económicas principais.

# CONCLUSIÓNS DAS ENTREVISTAS

## - CONCELLOS -

En todos predomina o uso de **medios dixitais para a publicidade de ofertas** de emprego: RRSS e páxinas web dos concellos.

O perfil dos demandantes de emprego no sector pesqueiro son na súa maioría homes. As mulleres soen orientarse máis ó marisqueo.

**Concellos pequenos\_** Interesa ter máis información sobre o sector do cerco en particular, realización de charlas con persoas do sector, e un lugar a onde referenciar ás persoas demandantes de emprego onde se atope información de interese.

**Vigo e A Coruña\_** Interesa información sobre o sector da pesca en xeral e sobre todo información concisa para poder informar ó propio persoal dos servizos de orientación. Calquera charla informativa tamén sería benvida.

Importante aclarar modelos retributivos (modelo "*a la parte*") e tipoloxía de contratación (fixo - discontinua).

# CONCLUSIÓNS DAS ENTREVISTAS

## - ESCOLAS NÁUTICO-PESQUEIRAS -

O perfil dos estudantes en **ciclos formativos é principalmente masculino**. As mulleres están presentes e incluso poden chegar a ser maioría en titulacións menores como mariñeiro-pescador, marisqueo, redes, ...

Existen **ciclos medios e ciclos superiores**, os segundo soen estar ocupados por profesionais do sector que buscan unha mellora laboral.

Cada **escola NÁUTICO-PESQUEIRA** da comunidade autónoma ten tradicionalmente **unha especialidade**, habendo unha diferenciación na orientación profesional tras a formación do alumnado.

Ningún dos centros realiza seguimento posterior sobre a ocupación profesional do seu alumnado (excepto o Centro Nacional de Formación Marítima de Bamio).

Todas as escolas destacan a pouca información que posúe o alumnado sobre o sector do cerco, e destacan a **importancia da realización de charlas con profesionais do sector**.

# ENCONTRO DE ENTIDADES COLABORADORAS

O día 29 de xuño celebrouse un encontro virtual ó cal se convidou a participar a todas as entidades colaboradoras.

O obxectivo era establecer as bases para a elaboración do presente Plan Estratéxico de Fomento de Emprego no sector do CERCO.

## CONCLUSIÓNS DO ENCONTRO\_

Destacouse a importancia deste tipo de iniciativas, que poñen en contacto ó sector cos futuros profesionais da pesca e demandantes de emprego.

Para os concellos é primordial dar información de como acceder ó sector: condicións laborais e requisitos formativos principalmente.

Para as escolas o prioritario é dar a coñecer o sector do cerco como opción laboral: coñecer as condicións laborais e establecer convenios de colaboración para a realización de prácticas a bordo do alumnado.

# PLAN ESTRATÉXICO PARA O FOMENTO DE EMPREGO

## ESTRATEGIA 1\_ PLAN DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN XERAL DA REDE

Información sobre a rede e o sector do cerco.

**FOLLETOS INFORMATIVOS\_** Deseño e impresión de folletos adaptados a cada tipoloxía de entidade, coa información requirida. Levarán enlaces a páxinas web de interese.

**WEB INFORMATIVA\_** Creada sección web en [www.acerga.com](http://www.acerga.com) para a consulta de información sobre a rede, sobre o sector de cerco e sobre os aspectos laborais asociados ó mesmo.

**MATERIAL AUDIOVISUAL\_** Creación de material audiovisual de apoio para á información na web e nos folletos, que se poida publicar nas RRSS.

**ANUNCIO DE OFERTAS DE EMPREGO\_** Posibilidade de envío de anuncios de ofertas de emprego ós servizos dos concellos e ás escolas náutico-pesqueiras. Utilización da bolsa de emprego creada en 2020.



# PLAN ESTRATÉXICO PARA O FOMENTO DE EMPREGO

## ESTRATEGIA 2\_ PLAN DE INFORMACIÓN A CONCELLOS

Información requirida: condicións laborais e requisitos formativos.

**CHARLAS INFORMATIVAS EN CONCELLOS PEQUEÑOS\_** Charlas para demandantes de emprego sobre a información requirida por parte de profesionais do sector. Duración aproximada de 1h en formato presencial.

**XORNADA INFORMATIVA EN CONCELLOS GRANDES\_** Xornada de orientación laboral na pesca de cerco dirixida a orientadores laborais e mediadores de emprego por parte de persoal de ACERGA, profesionais do sector e se pode ser algún representante de escola náutico-pesqueira, para aclarar a información requirida. Duración aproximada de 2h en formato presencial.

**ENVÍO DE MATERIAL GRÁFICO E AUDIOVISUAL CREADO\_** Envío do material creado na estratexia 1.

**OFERTAS DE EMPREGO\_** Bolsa de emprego de ACERGA creada en 2020.

# PLAN ESTRATÉXICO PARA O FOMENTO DE EMPREGO

## ESTRATEGIA 2\_ PLAN DE INFORMACIÓN A ESCOLAS NÁUTICO-PESQUEIRAS

Información requirida: condicións laboráis.

**CHARLAS INFORMATIVAS NAS ESCOLAS\_** Realización de charlas nas escolas para o alumnado sobre a información requirida por parte de profesionais do sector. Duración aproximada 1h en formato presencial.

**VISITAS PRESENCIAIS A BUQUES DE CERCO\_** Organización de visitas a buques de cerco para o alumnado. Duración aproximada 1h no porto máis preto da escola, con charla explicativa de profesional do sector.

**CONVENIOS DE PRÁCTICAS EN BUQUES DE CERCO\_** Establecemento dun convenio con ACERGA para que o alumnado das escolas náutico-pesqueiras poidan realizar as prácticas obrigatorias dos cursos académicos a bordo de buques de cerco.

**ENVÍO DE MATERIAL GRÁFICO E AUDIOVISUAL CREADO\_** Envío do material creado na estratexia 1.

**OFERTAS DE EMPREGO\_** Bolsa de emprego de ACERGA creada en 2020.

# PLAN ESTRATÉXICO PARA O FOMENTO DE EMPREGO

Liña estratéxica	3º Trimestre 2021	4º Trimestre 2021	2022	2023
Web informativa	██████████			
Folletos informativos		██████████		
Material audiovisual	██████████	██████████	██████████	██████████
Anuncio ofertas de emprego	██████████	██████████	██████████	██████████
Charlas/xornadas en concellos			██████████	██████████
Charlas nas escolas			██████████	██████████
Visitas a buques			██████████	██████████
Convenios de prácticas		██████████	██████████	██████████